

**ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS E O CONCELLO DE SILLEDADA PARA O FINANCIAMENTO DO PROXECTO DE MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA AVENIDA DO PARQUE**

REUNIDAS

Por unha banda, María Martínez Allegue, en nome e representación da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, actuando no exercicio do seu cargo, en virtude do Decreto 44/2024, do 14 de abril (DOG núm. 73 do 14 de abril) e en función das atribucións que lle confire o artigo 34.10 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia, e como presidenta da Axencia Galega de Infraestruturas, consonte co Decreto 173/2011, do 4 de agosto, polo que se aproba o estatuto da Axencia Galega de Infraestruturas.

Doutra parte, Paula Fernández Pena, alcaldesa-presidenta do Concello de Silleda, no exercicio das atribucións conferidas no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Ambas as partes recoñécense mutuamente, na calidade na que interveñen, capacidade legal suficiente para o outorgamento deste convenio e para o efecto,

EXPOÑEN

I.- Con data do 29 de xullo de 2025, asinouse un Convenio de colaboración entre a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas e o Concello de Silleda para acometer o proxecto de Mellora da mobilidade peonil na Avenida do Parque.

II.- Na cláusula segunda do convenio establécense os compromisos da consellería para levar a cabo as actuacións:

*Contribuír ao financiamento das actuacións descritas na cláusula primeira, cunha achega económica máxima de cento catro mil cincocentos noventa e sete euros con vinte e dous céntimos (104.597,22 €), que representan o 14 % do investimento total, con cargo a aplicación orzamentaria 11.03.521A.762.0, código de proxecto 2015 00235, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma.*

*O importe total do proxecto ascende a setecentos corenta e sete mil cento vinte e dous euros con noventa e oito céntimos (747.122,98 €), IVE engadido, dos que a Deputación de Pontevedra financiará, a través do Plan Provincia Extraordinaria-Plan Extra a contía máxima de cincocentos noventa e sete mil seiscentos noventa e oito euros con trinta e oito céntimos (597.698,38 €) equivalentes ao 80% do total e o Concello*



participará cunha achega de corenta e catro mil oitocentos vinte e sete euros con trinta e sete céntimos (44.827,38 €), que representan o 6 % do investimento total.

O investimento distribúese nas seguintes anualidades:

Anualidade	Importe axuda
2025	34.865,74€
2026	69.731,48€
Total	104.597,22 €

II.- O día 10 de decembro de 2025 tivo entrada na Dirección xeral de Urbanismo un escrito do Concello de Silleda solicitando o reaxuste das anualidades anteditas, posto que diversas circunstancias de índole técnica e os prazos determinados para a contratación e adxudicación das obras que constitúen o obxecto do convenio, impediron a materialización das execucións previstas para o exercicio orzamentario de 2025.

A Comisión de seguimento, segundo consta na acta da súa reunión do 11 de decembro de 2025 e á vista do exposto no escrito do concello formula unha proposta de reaxuste das anualidades de financiamento das actuacións obxecto do convenio.

III.- Polo exposto, procede modificar a cláusula segunda para adaptar as achegas á realidade da execución das obras.

A modificación consiste na reasignación das anualidades previstas no convenio, o cal non implica a variación do número de exercicios orzamentarios respecto dos establecidas no acordo inicial. Polo tanto, segundo o disposto no artigo 47 Dous da Lei 4/2024, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o 2025, a formalización da addenda non require a autorización previa do Consello da Xunta de Galicia.

En consecuencia, as partes acordan subscribir a Addenda núm. 1, para a modificación do convenio que se rexerá polas seguintes

## CLÁUSULAS

### Primeira.- Modificación da cláusula segunda:

#### 1. A Xunta de Galicia asume os seguintes compromisos:

- A través da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas:

Contribuír ao financiamento das actuacións descritas na cláusula primeira, cunha achega económica máxima de noventa e catro mil seiscientos sesenta euros con corenta e oito céntimos (94.660,48 €), que



representan o 14 % do investimento total, con cargo a aplicación orzamentaria 11.03.521A.762.0, código de proxecto 2015 00235, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma.

O importe total do proxecto, logo de aplicar a baixa derivada da adxudicación das obras ascende a seiscentos setenta e seis mil cento corenta e seis euros con vinte e nove céntimos (676.146,29 €), IVE engadido, dos que a Deputación de Pontevedra financiará, a través do Plan Provincia Extraordinaria-Plan Extra a contía máxima de cincocentos corenta mil novecentos dezasete euros con tres céntimos (540.917,03 €) equivalentes ao 80% do total e a través do Plan Máis Provincia 2025 Liña 1, a contía de corenta mil cincocentos sesenta e oito euros con setenta e oito céntimos (40.568,78 €), que representan o 6 % do investimento total.

O investimento distribúese nas seguintes anualidades:

Anualidade	Importe axuda
2025	5.914,86 €
2026	88.745,62 €
Total	94.660,48 €

Esta axuda, de acordo co disposto no artigo 40.1º, letra d) do Decreto 11/2009, declárase compatible, no seu caso, con outras achegas, axudas ou subvencións que a entidade beneficiaria destine á execución das actuacións que se describen na cláusula primeira. Non obstante, a suma total de todas elas non poderá superar o 100% do orzamento total que require a actuación. Neste caso, a axuda establecida neste convenio reducirase ata acadar o cumprimento establecido anteriormente.

2. A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas asumirá, ata o límite establecido no apartado 1 desta cláusula, o custo da execución das obras, unha vez que polo concello se presenten as correspondentes certificacións de execución dos traballos. Os aboamentos parciais que se efectúen, non superarán o 80% da porcentaxe subvencionable, nin excederán da anualidade correspondente ao exercicio orzamentario.

3. A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas resérvase o dereito de inspeccionar a execución dos traballos en calquera momento, durante a súa execución.

4. Para os efectos do previsto no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, autorízase ao Concello de Silleda, beneficiario da subvención, para que subcontrate ata o 100% das obras obxecto de subvención. Tal autorización considérase concedida sen prexuízo, se é o caso, do cumprimento das previsións que establecen os números 3º e seguintes do devandito artigo 27.

### Terceira.- Publicidade e rexistro

A sinatura da presente addenda suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten nela, e mailo resto de especificacións contidas na mesma, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG núm. 30 do 15 de febreiro) e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da



Xunta de Galicia (DOG núm. 149 do 3 de agosto).

#### **Cuarta.- Protección de datos de carácter persoal**

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

E para que así conste, de conformidade con canto antecede, no exercicio das atribucións de que son titulares os asinantes, e obrigando con iso ás Administracións que representan, asinan dixitalmente o presente acordo na data sinalada.

Pola Xunta de Galicia,  
A conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, María Martínez Allegue

Polo Concello de Silleda  
A alcaldesa-presidenta, Paula Fernández Pena

